

REGULAMENTO

*de estudos de doutoramento
da Universidade de Vigo*

2024



REGULAMENTO DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Versión aprobada polo Comité de Dirección do 30/05/2024 e ratificado polo Consello de Goberno do 20 de xuño de 2024

Exposición de motivos

A Lei Orgánica 2/2023 do 22 de marzo, do Sistema Universitario, estrutura os ensinos universitarios en tres ciclos: Grao, Máster Universitario e Doutoramento. Os estudos de doutoramento, correspondentes ao terceiro ciclo e conducentes á obtención do título de Doutor ou Doutora, teñen como finalidade a adquisición das competencias e as habilidades concernentes á investigación dentro dun ámbito do coñecemento científico, técnico, humanístico, artístico ou cultural. Segundo indica a devandita norma, ditos estudos organizaranse na forma que determinen os Estatutos ou normas de organización e funcionamento das respectivas universidades, de acordo cos criterios que para a obtención do título de Doutor ou Doutora aprobe o Goberno, mediante real decreto, previo informe do Consello de Universidades.

Doutra banda, o Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade, incorpora referencias á interdisciplinariedade e á adquisición de habilidades concernentes á investigación que deben ser contempladas no presente regulamento.

O marco normativo complétase a nivel estatal con textos relevantes cuxos contidos foron considerados ao elaborar o presente texto, como é o caso da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, ou o Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario e o Real Decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior. Así mesmo, a nivel autonómico resultan de aplicación a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia (SUG), a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia e ou Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A normativa dos estudos de doutoramento ten o seu desenvolvemento máis específico no Real Decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan os ensinos oficiais de doutoramento, e no Real Decreto 576/2023, do 4 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, e que recolle as novidades normativas contempladas na recente Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, que afectan aos estudos de doutoramento; en particular, aquelas directamente relacionadas co reforzo da internacionalización dos estudos universitarios, a súa conexión coas necesidades sociais e coa súa contorna local e global, así como a aposta pola Ciencia aberta e a Ciencia cidadá. A nova lei orgánica tamén regula de maneira expresa as Mencións Internacional e Industrial dos títulos de doutoramento, á vez que reforza a autonomía das universidades.

Este regulamento axústase ao principio clave do RD 640/2021 de velar polo afianzamento da calidade nas escolas de doutoramento e en particular ao relativo ao proceso de acreditación institucional para axilizar e facer máis transparentes e eficientes os procesos de verificación e de renovación da acreditación de títulos.

A experiencia dos últimos anos e a necesidade de modificar aspectos do funcionamento dos programas de doutoramento son os que motivan a introdución dunha serie de cambios adicionais que redundarán sen dúbida nunha mellora das condicións nas que as doutorandas e os doutorandos desenvolven os seus estudos.

En primeiro lugar, e en consonancia coas recomendacións europeas, convén salientar o papel das escolas de doutoramento na supervisión e seguimento das actividades doutorais. Por unha banda as escolas de doutoramento deben proporcionar asesoramento ao seu estudantado para a súa integración nos programas de doutoramento, establecéndose a obrigatoriedade de contar cun plan de formación persoal. Por outra, as persoas doutorandas terán a consideración de persoal investigador en formación, refórzase a obrigação da directora ou director da tese de acompañar e asesorar o doutorando ou doutoranda durante todo o proceso de elaboración daquela. Ademais, os Comités de Dirección das escolas de doutoramento deberán contar coa representación de estudantes de doutoramento.

Tamén, dada a evidente conexión en doutoramento entre a educación superior e a investigación, o regulamento integra os estándares avanzados de investigación no espazo europeo de investigación establecidos pola Comisión Europea na Carta Europea do investigador/a e o Código de conduta para a contratación de investigadores/as e desenvolvidos a través do programa HRS4R (Human Resources Strategy for Researchers), en particular no referente as persoas investigadoras na súa fase inicial (R1). Así, as persoas admitidas a un programa de doutoramento teñen a dobre condición de estudantes de doutoramento e de persoal investigador predoutoral en formación, consonte aos requisitos establecidos nos ditos estándares europeos e na lexislación nacional (Lei 14/2011 da Ciencia, RD 103/2019 EPIF e RD 191/2010 Estatuto do Estudiantado Universitario).

Ademais, o Real Decreto 576/2023 modifica a duración máxima dos estudos de doutoramento tanto nos casos nos que se cursan a tempo completo como a tempo parcial, establecendo a posibilidade dunha prórroga de un ano. No caso de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, a duración dos estudos de doutoramento será dun máximo de seis anos a tempo completo e de nove anos a tempo parcial. Así mesmo, revísanse as causas de suspensión do cómputo de tempo para a realización dos estudos de doutoramento como consecuencia de situacións de incapacidade temporal, nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación e violencia de xénero.

Por outra banda, introdúcese unha serie de medidas vinculadas coa supervisión e avaliación do traballo desenvolvido polo/a doutorando ou doutoranda e a garantía da súa calidade. Así, por exemplo, esíxese que cada tese doutoral conte cun mínimo de dous informes emitidos por persoas doutoras expertas na materia e externas á universidade na que a tese está matriculada. Estes informes poderán propoñer aspectos de mellora. Prevese, ademais, que o tribunal que avalíe a tese de doutoramento estea formado por unha maioría de membros externos non só á universidade onde se defende a tese senón tamén ao programa en que se atope matriculada/o a doutoranda ou doutorando, e garántese que este tribunal teña unha composición equilibrada entre homes e mulleres.

Por último, régúlanse diversos aspectos relacionados cos requisitos de acceso e admisión, a Mención Internacional no título de Doutor ou Doutora, as teses en réxime de cotutela, así como a Mención Industrial co obxectivo neste último caso de mellorar a transferencia e intercambio do coñecemento nunha contorna non especificamente académica; finalmente, engádese un artigo novo relativo ao Premio Extraordinario de Doutoramento.

Por todo o anterior, para a adaptación e actualización da normativa da Universidade concernente aos estudos de doutoramento ás novas disposicións normativas de ámbito nacional o Consello de Goberno, na súa reunión do 20 de xuño de 2024, acordou aprobar o presente Regulamento.

Capítulo preliminar. Principios xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Os estudos de doutoramento e a obtención do título de doutor/a na Universidade de Vigo rexeranse polo disposto na Lei Orgánica, 2/2023 de 22 de marzo, do Sistema Universitario e as súas normas de desenvolvemento; o Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de afianzamento da súa calidade e o RD 99/2011 do 28 de xaneiro polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, modificado polo RD 576/2023, do 4 de xullo; o Real Decreto 195/2016, do 13 de maio, polo que se establecen os requisitos para a expedición do suplemento europeo ao título universitario de doutor/a; o Real Decreto 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación; os Estatutos da Universidade de Vigo e demais disposicións promulgadas polo Estado, adaptadas á comunidade autónoma de Galicia e á Universidade de Vigo no ámbito das súas respectivas competencias e, en particular, polo presente regulamento.

A presente normativa ten por obxecto regular a organización dos estudos de doutoramento conducentes á obtención do título de doutor ou doutora na Universidade de Vigo, que terá carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Capítulo 1. Estudos de doutoramento

Artigo 2. Estrutura dos estudos de doutoramento

Denomínase programa de doutoramento ao conxunto de actividades conducentes á obtención do título de doutor ou doutora. O devandito programa terá por obxecto o desenvolvemento dos distintos aspectos formativos do alumnado de doutoramento e establecerá os procedementos e liñas de investigación para o desenvolvemento das teses de doutoramento.

Os estudos de doutoramento organizaranse a través de programas de doutoramento dos diversos ámbitos científicos, tecnolóxicos, humanístico-artístico e social, cun enfoque interdisciplinario do coñecemento, na forma en que determinen os Estatutos da Universidade de Vigo e de acordo cos criterios establecidos no Real Decreto 99/2011. O seu obxectivo é a adquisición dos coñecementos, competencias e habilidades necesarias que capaciten á persoa doutoranda para desenvolver investigacións no seu eido de coñecemento de forma autónoma e baixo a mais estrita rigorosidade.

Os programas de doutoramento incluírán aspectos organizados de formación investigadora que non requirirán a súa estruturación en créditos ECTS e comprenderán tanto a formación transversal coma a específica no ámbito de cada programa, aínda que, en todo caso, a actividade esencial do estudantado de doutoramento será a investigación.

Os programas de doutoramento poden ser organizados de forma exclusiva pola Universidade de Vigo ou de maneira conxunta entre varias universidades, e contar coa colaboración, expresada mediante un convenio, doutros organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i, públicos ou privados, estatais ou estranxeiros.

En calquera caso, a memoria de verificación do programa de doutoramento recollerá a relación de actividades formativas, con indicación expresa, de ser o caso, das que son de carácter obrigatorio para todo o alumnado do programa de doutoramento.

Capítulo 2. Organización dos estudos de doutoramento

Artigo 3. Organización a través das escolas de doutoramento

A Escola de Doutoramento da Universidade de Vigo (EIDO) asume a organización, planificación, xestión, supervisión e seguimento da oferta global de actividades propias do doutoramento na Universidade de Vigo, ademais de poder xestionar actividades abertas de formación en investigación. En relación con isto, a EIDO elaborará, divulgará e revisará a súa estratexia, que integra a política e os obxectivos de calidade, así como as metas e indicadores de medición.

A EIDO organizará a oferta formativa definindo a súa propia estratexia en materia de formación doutoral segundo o indicado no artigo 12. A EIDO e os programas de doutoramento planificarán a oferta das actividades destinadas á formación transversal e específica de doutorandos e doutorandas, proporcionándolles asesoramento sobre todos aqueles aspectos necesarios para a súa integración plena nos programas de doutoramento. A súa finalidade é desenvolver un modelo de formación doutoral flexible, interdisciplinaria e de calidade, orientado a potenciar as liñas de investigación de maior interese e proxección da universidade.

De acordo co establecido no Real Decreto 99/2011, as escolas de doutoramento contarán cun comité de dirección. Tanto a súa composición como as súas funcións desenvolveranse no Regulamento de Réxime Interno da EIDO. O reitor ou reitora nomeará a directora ou director da escola, que será unha persoa dedicada á investigación de recoñecido prestixio pertencente aos corpos docentes da universidade. Esta condición estará avalada pola xustificación da posesión de, polo menos, tres períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo coas previsións do Real Decreto 1086/1989, do 28 de agosto.

A universidade habilitará a infraestrutura e os recursos que considere oportunos para dotar as escolas de doutoramento da capacidade requirida para desenvolver as súas funcións.

A EIDO contará cun regulamento de réxime interno que establecerá, entre outros aspectos, os dereitos e os deberes das persoas que dirixan e titoricen teses e do estudiantado de doutoramento, así como a composición e as funcións das comisións académicas dos seus programas.

Capítulo 3. Organización dos programas de doutoramento

Artigo 4. Comisión académica do programa de doutoramento

Cada programa de doutoramento contará cunha comisión académica do programa de doutoramento (en adiante CAPD), órgano responsable do deseño, implantación, actualización, organización, calidade e coordinación do citado programa.

A CAPD estará integrada, cando sexa posible, por un mínimo de sete membros entre os cales figurarán o/a presidente/a e o/a secretario/a. A persoa secretaria acreditará os acordos adoptados pola comisión e redactará as actas das sesións da CAPD. Os seus membros renovaranse, cando sexa posible, con carácter xeral, cada seis anos, segundo o procedemento acordado polo comité de dirección da escola de doutoramento.

No caso de programas de doutoramento interuniversitario, ou programas en que participen organismos, entidades, centros ou institucións con actividades de I+D+i, a composición da CAPD será a que figure no correspondente convenio de colaboración. En calquera caso, a súa composición contará con, polo menos, un membro de cada unha das universidades responsables do desenvolvemento do programa.

A CAPD estará integrada por profesorado doutor con vinculación permanente coa universidade e dedicación a tempo completo, en posesión de polo menos un período de actividade investigadora recoñecida de acordo co Real Decreto 1086/1989. No caso de programas de

doutoramento que contén coa colaboración doutros organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i, públicos, privados, nacionais ou estranxeiros, poderá formar parte da CAPD o persoal investigador vinculado aos devanditos organismos, sempre que acredite cumprir os mesmos requisitos ca os adscritos á universidade ou méritos equiparables no caso de que non resulte aplicable a posesión do período de actividade investigadora. A totalidade dos membros da CAPD deberá constar como profesorado asignado ao programa de doutoramento. Na composición da CAPD tenderase á presenza equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 5. Competencias da comisión académica

Son funcións da comisión académica dun programa de doutoramento:

- 1 Diseñar, organizar, coordinar e propoñer á escola de doutoramento o conxunto de actividades que conforman o programa, incluíndo liñas de investigación, actividades formativas, altas e baixas na relación de persoal investigador que asumirá a tutoría e a dirección de teses de doutoramento, criterios de admisión e selección do alumnado, e toda cantidade de información que se requira en cumprimento da normativa vixente.
- 2 Revisar e manter actualizada a información referente ao programa de doutoramento e informar a este respecto a escola de doutoramento nos prazos e no procedemento establecidos.
- 3 Realizar o proceso de valoración de méritos e admisión do alumnado no programa de doutoramento, mediante a aplicación dos criterios e procedementos de selección establecidos na memoria de verificación, que serán públicos.
- 4 Asignar ao alumnado admitido no programa un/a tutor/a e, no prazo máximo de tres meses despois de formalizar a súa matrícula, un/a director/a, confirmando e comunicando o perfil autorizado responsable da supervisión na aplicación informática de xestión académica. Tamén lle compete á CAPD a modificación destes nomeamentos e, se é o caso, a autorización da codirección da tese cando concorran razóns de índole académica que o xustifiquen.
- 5 Establecer, se é o caso, os complementos específicos de formación que o alumnado debe cursar para ser admitido no programa de doutoramento.
- 6 Establecer, de ser o caso, os requisitos de formación transversal e de formación específica no ámbito do programa que o alumnado debe cursar tras ser admitido no programa de doutoramento.
- 7 Programar temporalmente e realizar anualmente a supervisión do documento de actividades e do plan de investigación de cada estudante de doutoramento, tendo en conta os informes que para tal efecto deberá emitir o perfil autorizado. Ademais, aprobará o recoñecemento de actividades formativas e informará ás persoas titoras, directoras e doutorandas do resultado da avaliación.
- 8 Autorizar as estadias e as actividades fóra de España en institucións de ensinanza superior ou centros de investigación de prestixio, incluídas as necesarias para a mención internacional e de cotutela no título de doutor/a. Estas estadias e actividades serán previamente informadas e avaliadas por director/a e tutor/a. Ademais, autorizará as estadias de doutorandos/as alleos. Tamén formalizará o acordo académico coa institución de destino ou orixe.
- 9 Avaliar a memoria preceptiva para acreditar a relación das teses con mención industrial cun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental desenvolto nunha empresa ou nunha administración pública.
- 10 Autorizar a realización de estudos de doutoramento a tempo parcial no programa cando proceda.

- 11 Autorizar, de ser o caso, as prórrogas na duración dos estudos de doutoramento e a concesión de baixas temporais, segundo o disposto no Real decreto 99/2011 e nos artigos 27 e 28 deste regulamento. Tamén elaborará as propostas de baixa definitiva de carácter docente nos PD e informará a doutorandos/as e perfís autorizados.
- 12 Realizar as propostas de modificación e/ou suspensión/extinción do programa, que se lle remitirán á escola de doutoramento para a súa valoración.
- 13 Proporcionarlles asesoramento académico e/ou científico ao estudiantado de doutoramento e ós/ás directores/as de teses.
- 14 Identificar as necesidades de atención e orientación do PD, transmitirlas á dirección da escola de doutoramento e executar as actividades específicas de acollida e de orientación, de ser o caso.
- 15 Propor os recoñecementos por dirección de tese, coordinación e xestión conforme a normativa da Universidade de Vigo.
- 16 Emitir o informe de autorización de inicio de trámite para presentar e defender publicamente a tese de doutoramento e aprobar, de ser o caso, os requisitos de calidade das teses de doutoramento.
- 17 Elaborar e aprobar a proposta de composición dos tribunais da tese de doutoramento.
- 18 Elaborar a memoria para verificar e/ou modificar o programa de doutoramento segundo a normativa vixente e realizar as accións de mellora que puidesen derivarse.
- 19 Elaborar os informes de calidade do PD (en particular, os de seguimento e acreditación), así como executar as accións que deles se deriven.
- 20 Calquera outra función que lle encomende a escola de doutoramento ou se lle asigne en cumprimento do presente regulamento e demais disposicións legais vixentes.

Artigo 6. Coordinador/a do programa de doutoramento

Cada programa de doutoramento contará cun/ha coordinador/a designado/a polo/a reitor/a, que actuará como presidente/a da comisión académica do programa de doutoramento, que cumpra conxuntamente os seguintes requisitos: (i) ter dirixido ou codirixido polo menos dúas teses de doutoramento, (ii) estar en posesión de, polo menos, dous períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo co Real Decreto 1086/1989 e (iii) ter vinculación permanente coa universidade e dedicación a tempo completo. A persoa coordinadora só poderá exercer as funcións derivadas do seu cargo nun único programa de doutoramento.

No caso de programas interuniversitarios a designación da persoa coordinadora será por acordo entre aos reitores/as, cando se trate de programas conxuntos, ou no modo indicado no convenio con outras institucións, cando se desenvolva en colaboración con estas.

O/A coordinador/a do programa asinará o compromiso de supervisión do/as doutorandos/as do programa e os acordos de cotutela ou doutoramento industrial que se refiren nos artigos 44 e 45.

Artigo 7. Profesorado do programa de doutoramento

Considérase profesorado do programa todo/a doutor/a adscrito/a formalmente a algunha das súas liñas de investigación, sen prexuízo da posible colaboración en determinadas actividades específicas doutras persoas ou profesionais en virtude da súa relevante cualificación científica ou profesional no correspondente ámbito de coñecemento. A adscrición do profesorado a un programa poderase realizar no momento da súa posta en marcha mediante a súa inclusión na memoria de verificación ou, posteriormente, logo da aprobación pola CAPD.

Será factible incorporar ao programa persoal docente ou investigador alleo á propia universidade sempre e cando cumpra os requisitos establecidos no artigo 8. En tal caso, a CAPD

acreditará esta condición e garantirá os recursos necesarios para estas incorporacións, e comunicarllo á universidade.

Un/ha profesor/a ou un/ha investigador/a só poderá estar asignado con carácter xeral a un programa de doutoramento, sen prexuízo de que poida colaborar en actividades formativas doutros programas como convidado/a. Excepcionalmente, en casos xustificados de desenvolvemento ou de participación en liñas de investigación diferenciadas, poderase permitir a asignación deste/a profesor/a ou investigador/a en máis dun programa de doutoramento. A participación de profesorado da Universidade de Vigo como membro do cadro docente dun programa de doutoramento doutra universidade requirirá a autorización formal da EIDO.

Artigo 8. Acreditación da Experiencia investigadora

A efectos deste Regulamento, enténdese por experiencia investigadora acreditada a posesión de, polo menos, un período de actividade investigadora recoñecida pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (en diante, CNEAI) en aplicación do Real Decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario ou cumprir no momento da solicitude ou nunha solicitude anterior algún dos seguintes requisitos:

- Acreditar méritos suficientes que garantan a avaliación positiva dun sexenio de actividade investigadora segundo o establecido pola CNEAI para cada campo científico.
- Ser, nos últimos seis anos, investigadora ou investigador principal dun proxecto de investigación financiado mediante unha convocatoria pública (excluídos os proxectos de convocatorias propias da universidade).
- Acreditar a autoría ou coautoría, como mínimo, de tres publicacións en revistas incluídas no *Journal Citation Reports (JCR)* ou no *Scimago Journal and Country Rank (SJR)*. Nas áreas en que pola súa tradición non se aplique este criterio, substituirase por un requisito comparable segundo o establecido pola CNEAI nestes campos científicos.
- Acreditar a autoría ou coautoría dunha patente en explotación.
- Ter dirixido, polo menos, unha tese de doutoramento coa cualificación de sobresaliente (ou equivalente á máxima cualificación no seu defecto) que orixinase, polo menos, unha publicación en revistas indexadas no JCR ou algunha contribución de relevancia equivalente no seu campo científico segundo os criterios da CNEAI.

Artigo 9. Titoría do programa de doutoramento

A admisión definitiva dun/ha doutorando/a nun programa de doutoramento leva a asignación dun/ha titor/a designado/a pola CAPD correspondente.

A persoa titora poderá coincidir ou non coa persoa directora da tese e terá como labores:

- (i) Velar pola interacción de doutorando/a e CAPD e, conxuntamente, co/a director/a da tese
- (ii) Velar pola adecuación ás liñas do programa, da formación e da actividade investigadora do/a doutorando/a.

Para ser persoa titora de tese o PDI debe cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter experiencia investigadora acreditada segundo o indicado no artigo 8.
- b) Formar parte do profesorado do programa de doutoramento no que estea matriculada a persoa á que titorizará.
- c) Ter vinculación permanente coa UVigo ou con calquera das entidades colaboradoras no programa de doutoramento. No caso de non existir vinculación permanente, este PDI poderá ser asignado como titor/a durante o tempo que se manteña a súa vinculación contractual coa UVigo.

Non poderá ser titora ou titor quen teña un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable, parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo grao coa persoa titorizada.

A CAPD, unha vez oída á persoa doutoranda, poderá modificar o nomeamento do titor ou titora en calquera momento do período de realización do doutoramento, sempre que concorran razóns xustificadas.

O labor de titorización recoñecerase como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado.

Considerarase como «persoa autorizada» ou «perfil autorizado» ó/a titor/a ou director/a do doutorando/a da universidade habilitado a criterio da CAPD para trasladar todos os informes de avaliación ou xestións a través da plataforma informática da universidade. Este perfil autorizado informará o compromiso de supervisión, o plan de investigación, o documento de actividades, a avaliación anual, as solicitudes de prórroga, as solicitudes de estadia e, por último, a tese para presentala.

Artigo 10. Dirección da tese de doutoramento

No prazo máximo de tres meses desde a súa matriculación, a CAPD asignaralle a cada estudante de doutoramento un director ou unha directora de tese. Esta persoa será a máxima responsable, de acordo cos máis altos estándares profesionais, da coherencia e idoneidade das actividades de formación, do impacto e novidade no seu campo da temática da tese de doutoramento, e da guía na planificación e a súa adecuación, se é o caso, á doutros proxectos e actividades onde se inscriba o/a doutorando/a. Polo tanto, debe dispor do tempo, coñecementos, experiencia, aptitude técnica e dedicación necesarios para poder atender ó/a estudante. Como supervisores/as do labor investigador deben crear unha relación construtiva e positiva cos/coas estudantes, a fin de establecer as condicións necesarias para unha transferencia eficaz de coñecementos e para o futuro bo desenvolvemento da súa carreira como investigador/a.

Poderá ser director/a da tese calquera doutor/a español/a ou estranxeiro/a, con experiencia investigadora acreditada segundo o indicado no artigo 8, con independencia da universidade, centro ou institución en que preste os seus servizos, e que non incorra en calquera das causas de abstención establecidas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As persoas xubiladas, en situación de excedencia, servizos especiais ou en comisión de servizos poderán continuar na dirección dunha tese sempre que esta sexa codirixida por algún membro do programa de doutoramento.

Non poderá ser directora ou director quen teña un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable, parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo grao coa persoa doutoranda.

No caso das teses en cotutela sinaladas no artigo 44, o cumprimento dos requisitos para exercer a dirección para cada director/a serán os aplicables na súa institución, que se poderán recoñecer na outra en virtude do convenio de cotutela exclusivamente para a tese motivo do convenio específico.

A CAPD poderá modificar a asignación da dirección da tese, unha vez oída á persoa doutoranda, e/ou quen/es ostenten a dirección da tese, sempre que concorran razóns xustificadas remitindo á CAPD un informe debidamente xustificado e solicitando a devandita modificación de asignación, durante os dous primeiros anos da formación. Excepcionalmente, poderá realizarse con posterioridade, para o cal contará coa aprobación da escola de doutoramento. En ningún caso se modificará a asignación da dirección para deixala vacante.

O número máximo de persoas que poderán exercer a dirección dunha tese será de dúas, agás nas seguintes circunstancias nas que poderá ser de tres:

- a) Cando a tese sexa de carácter claramente interdisciplinario.
- b) Cando a tese se desenvolva no marco dun proxecto de investigación nacional ou internacional obtido mediante convocatoria competitiva en colaboración con outro centro ou institución nacional ou estranxeira.
- c) Cando a tese se desenvolva en réxime de cotutela con máis dunha universidade estranxeira.
- d) Cando a tese opte a mención de doutoramento industrial.
- e) Cando a tese teña un/ha codirector/a dunha institución estranxeira.

Nestes casos, unha das tres persoas directoras necesariamente deberá exercer como tutor/a.

Será necesaria a autorización da EIDO para a asignación dunha persoa directora, previa proposta da CAPD, nos seguintes casos:

- a) Inclusión dunha segunda persoa directora transcorridos trinta e seis meses desde o inicio dos estudos de doutoramento cando o doutorando ou a doutoranda teña dedicación completa, ou de sesenta e tres meses cando a súa dedicación sexa a tempo parcial. Para dedicacións de tempo mixtas, aplicarase o cálculo correspondente mediante a fórmula recollida no artigo 21.1. Esta incorporación deberá vir acompañada dunha modificación do plan de investigación e/ou de formación da persoa doutoranda no que se reflectan as achegas do/a novo/a director ou directora á supervisión do traballo de tese. A inclusión dun/ha novo/a director/a impedirá o depósito da tese nos seguintes 6 meses. Esta inclusión non poderá realizarse para estudantes de doutoramento que estean no período de prórroga dos seus estudos de doutoramento.
- b) Inclusión dunha terceira persoa que exerza a dirección de tese.

No caso de codirección, as persoas que a exerzan terán idénticos dereitos e deberes e terán que cumprir os requisitos para acreditar experiencia investigadora de acordo co indicado no artigo 8 deste regulamento. Para a codirección da tese será necesaria a autorización previa da Comisión académica. Dita autorización poderá ser revogada con posterioridade se a xuízo da Comisión académica a codirección non beneficia o desenvolvemento da tese.

O/a director/a da tese asinará o informe de verificación da orixinalidade da tese. Será responsabilidade última da orixinalidade da tese a persoa doutoranda en formación.

O labor de dirección ou codirección de tese recoñecerase como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado.

O número máximo de teses da Universidade de Vigo que pode estar dirixindo simultaneamente o persoal docente e investigador é dez, independentemente de que se trate de dirección única ou compartida.

O Código de Boas Prácticas da EIDO incluírá as directrices aplicables á dirección de tese de doutoramento en consonancia co disposto neste Regulamento.

A asignación de tutor/a recaerá preferentemente nalgunha das persoas directoras. Unicamente poderá quedar nomeado/a un/ha tutor/a diferente no caso de que as persoas directoras non cumpran os requisitos establecidos no artigo 9 deste regulamento.

Capítulo 4. Novas propostas de programas de doutoramento e modificación das existentes **Xestión dos Programas de Doutoramento**

Artigo 11. Organización da oferta formativa

A EIDO definirá a súa propia estratexia en materia de formación doutoral, ligada á estratexia de investigación da universidade, que se articulará a través de programas de doutoramento e realizará unha xestión adecuada para os seus fins. Para iso organizará, dentro do seu ámbito de xestión, os ensinos e actividades propias do doutoramento e planificará a necesaria oferta de actividades inherentes á formación e desenvolvemento dos/as doutorandos e doutorandas.

A EIDO dótase dun Sistema de Garantía de Calidade (SGC) que, entre outras finalidades, dá soporte ao funcionamento dos programas de doutoramento ao longo do seu ciclo de vida (procedementos de verificación, seguimento, modificación e acreditación, así como suspensión e extinción, de ser o caso).

Artigo 12. Presentación e tramitación das propostas

A universidade establecerá anualmente o calendario e o procedemento de aprobación no seo de cada universidade de novas propostas de programas de doutoramento e/ou modificación dos existentes. O calendario será consensuado anualmente entre as universidades do SUG co obxecto de facilitar a xestión administrativa e académica de elaboración e a aprobación das propostas.

A proposta dun novo programa de doutoramento corresponderalle á EIDO, que poderá canalizar calquera iniciativa da comunidade universitaria e trasladarlle ao Consello de Goberno a expresión de interese ou declaración de intencións, segundo o procedemento que a universidade teña establecido para incorporar novas titulacións. Na declaración de intencións, que se aprobará no Comité de Dirección da EIDO, figurará a proposta da composición inicial da CAPD.

A proposta de modificación dun programa de doutoramento poderá partir da EIDO ou ben presentarse ante ela por iniciativa da CAPD e materializarse na presentación dunha declaración de intencións ou interese segundo o formato establecido.

A universidade poderá establecer criterios e requisitos de avaliación das propostas no exercicio da súa responsabilidade na planificación da súa oferta dos estudos de doutoramento.

Tanto nas novas propostas coma nas modificacións, a EIDO velará polo cumprimento dos requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 e a súa adecuación aos principios da estratexia en materia de I+D+i e da formación doutoral da universidade. Nos casos de propostas de modificación emitirá, sobre a base desta valoración, un informe favorable ou desfavorable sobre cadansúa declaración.

No caso de novas propostas, a emisión dun informe favorable polo Consello de Goberno implica o nomeamento formal da comisión académica do programa de doutoramento, que a faculta para desenvolver a proposta definitiva nos termos fixados polo Consello de Universidades, a comunidade autónoma e a propia universidade.

Unha vez aprobada por parte da CAPD a proposta definitiva do programa de doutoramento (que incluírá como mínimo a proposta da memoria, segundo o formato establecido, e o conxunto de documentos que definen e sustentan o proxecto formativo), a proposta será sometida a informe da EIDO, logo da exposición pública á comunidade universitaria segundo o procedemento e o calendario establecidos, e a aprobación do Consello de Goberno e do Consello Social da Universidade de Vigo.

Artigo 13. Programas de doutoramento conxuntos

A Universidade de Vigo poderá organizar con outras universidades, nacionais ou estranxeiras, mediante a subscripción dun convenio, programas de doutoramento conducentes á obtención dun

único título de doutor/a. O convenio asinado incluírá, polo menos: (i) a relación de universidades participantes con indicación expresa da universidade que asume a coordinación do programa; (ii) a composición da comisión académica do programa de doutoramento e das subcomisións delegadas en cada universidade e as funcións de ambos os órganos; (iii) a descrición da mobilidade de alumnado e/ou profesorado; (iv) a matrícula e a custodia dos expedientes; (v) a universidade responsable da expedición e rexistro do título de doutor/a; (vi) o procedemento de modificación e/ou extinción do programa de doutoramento; e (vii) o réxime de xestión de recursos económicos do programa. Co obxecto de facilitar a xestión dos programas de doutoramento de carácter interuniversitario, as universidades do SUG comprometeranse a aprobar un modelo tipo de convenio de colaboración que recolla os acordos relativos aos termos aos que se refire o parágrafo anterior.

As universidades participantes recoñecerán para os efectos académicos e administrativos as actividades formativas do programa de doutoramento cursadas en calquera das universidades participantes nos termos que figuran na correspondente memoria de verificación do título.

No caso de programas de doutoramento organizados de forma conxunta por universidades do SUG presentarase a correspondente declaración de interese en cada unha das universidades participantes por iniciativa das propias escolas de doutoramento ou dun ou de varios grupos de investigación das universidades participantes. Cando se reciba a declaración de interese dun programa de doutoramento interuniversitario, esta será valorada pola unidade/órgano responsable dos estudos de doutoramento en cada unha das universidades participantes. A emisión dun informe favorable por parte de todas as universidades participantes será requisito indispensable para continuar co desenvolvemento da proposta do programa de doutoramento.

Unha vez aprobada por parte da CAPD a proposta definitiva do programa de doutoramento (que inclúe polo menos a proposta de memoria —segundo o formato establecido—, a proposta de convenio de colaboración e o conxunto de documentos que definen e sustentan o proxecto formativo), esta someterase a informe da unidade/órgano responsable dos estudos de doutoramento en cada universidade e á aprobación do Consello de Goberno e do Consello Social das universidades participantes.

A comisión académica dun programa de doutoramento de carácter interuniversitario estará integrada por unha representación equilibrada das universidades participantes no programa e os seus membros cumprirán os mesmos requisitos ca os establecidos para os e as integrantes das comisións académicas dos programas de doutoramento organizados só pola Universidade de Vigo. Na declaración de interese debe constar a universidade que asume a coordinación do programa e os datos do/a coordinador/a xeral e local ou locais en cada universidade.

É competencia e responsabilidade da universidade coordinadora asumir as seguintes funcións, ademais das que figuren no correspondente convenio de colaboración do programa:

- a. Coordinar o proceso de elaboración e aprobación do programa de doutoramento e tratar de asegurar a participación proactiva e equilibrada das universidades participantes.
- b. Realizar as xestións e os trámites administrativos con relación ao procedemento de autorización ante a comunidade autónoma e a verificación ante o Consello de Universidades, así como informar as universidades participantes do estado dos citados procedementos.
- c. Promover o convenio de colaboración do programa de doutoramento.
- d. Realizar os trámites formais de rexistro dos correspondentes títulos no rexistro de universidades, centros e títulos (en adiante RUCT).
- e. Remitir-lles ás universidades participantes os informes de avaliación e/ou autorización emitidos pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), polo departamento competente en materia de universidades da comunidade autónoma e

polo Consello de Universidades, así como os documentos que conformen a memoria do programa unha vez autorizado e verificado.

- f. Coordinar os procedementos de seguimento e renovación da acreditación do programa de doutoramento.
- g. Coordinar, de ser o caso, o procedemento de modificación e/ou extinción do programa de doutoramento.

Por acordo das universidades participantes, poderán designarse comisións académicas locais coa delegación de funcións que a comisión académica conxunta lles asigne, e que contarán cun/ha coordinador/a local e, opcionalmente, cun/ha secretario/a académico/a local. As comisións académicas locais terán como mínimo tres membros: presidente/a, secretario/a e vogal; os dous primeiros membros coincidirán co/a coordinador/a e co/a secretario/a académico/a locais do programa, respectivamente. Todo/as el/as deberán cumprir idénticos requisitos aos aplicables para programas propios da Universidade de Vigo.

A proposta de modificación do programa de doutoramento poderá partir das respectivas escolas de doutoramento ou ben presentarse ante elas por iniciativa da CAPD e materializarase na presentación dunha declaración de intencións ou interese segundo o formato establecido.

Artigo 14. Seguimento e acreditación dos programas de doutoramento

Conforme o disposto no RD 822/2021 do 28 de setembro, a avaliación institucional dos centros é a peza esencial da engranaxe de afianzamento da calidade, constituíndo a acreditación institucional o recoñecemento da capacidade do centro para garantir a calidade académica. Polo tanto, a acreditación dos títulos impartidos nos centros que teñan obtido a acreditación institucional mediante o procedemento establecido no artigo 14 do RD 640/2021 renovarase mentras se manteña a acreditación institucional. A renovación da acreditación institucional realizarase antes do transcurso dos seis anos contados a partir da última acreditación. O seguimento dos títulos efectuarase de acordo co artigo 14 do RD 640/2021.

A acreditación dos títulos oficiais de doutoramento impartidos en centros non acreditados institucionalmente deberá renovarse no prazo máximo de seis anos, dende a data de inicio do programa de doutoramento ou da renovación da acreditación anterior. O proceso de avaliación realizarase de acordo co procedemento e cos prazos que a comunidade autónoma de Galicia estableza.

Transcorridos tres anos despois da implantación efectiva ou renovación da acreditación será preceptiva a elaboración do informe de seguimento.

O proceso de renovación da acreditación poderá levar consigo unha implantación de accións de mellora, que poderían tamén ser obxecto dunha solicitude de modificación do título se así o determina a escola de doutoramento.

Artigo 15. Extinción dos programas de doutoramento

Un programa de doutoramento poderá extinguirse por algunha das seguintes causas:

1. Que así o acorde o Consello de Goberno da universidade en exercicio das súas competencias.
2. Que non supere o proceso de renovación da acreditación establecido no artigo 10 do Real Decreto 99/2011.
3. Que non acredite o cumprimento dos requisitos básicos que o goberno estableza de conformidade co disposto na Lei Orgánica 6/2001, de universidades.
4. Que non cumpra os requisitos establecidos no artigo 6 do Decreto 222/2011 ou se vexa afectado polo disposto no artigo 18 do devandito decreto.

5. Que se formule algunha proposta de extinción do programa ao abeiro dos procesos de revisión e mellora do título de acordo coa sistemática aprobada pola universidade.
6. Cando concorra calquera situación excepcional que impida o correcto desenvolvemento do programa de doutoramento.

A extinción producirá os seguintes efectos:

- a. A perda do seu carácter oficial e a baixa no RUCT.
- b. Non se poderán matricular novos/as alumnos/as no programa de doutoramento.
- c. En calquera caso, todo o alumnado afectado será informado da extinción e das súas consecuencias no relativo ao desenvolvemento dos seus estudos.

A universidade adoptará as medidas necesarias para garantir os dereitos académicos do estudantado que se encontre cursando os devanditos estudos nos termos establecidos na resolución de extinción dos plans de estudo e aprobará o procedemento de extinción dos programas de doutoramento no seo da universidade.

Capítulo 5. Acceso e admisión en estudos de doutoramento

Artigo 16. Acceso

Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de Grao, ou equivalente, e de Máster universitario, ou equivalente, sempre que se superaran, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destes dous ensinos.

Así mesmo, poderán acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos:

- a) Estar en posesión de títulos universitarios oficiais españois ou títulos españois equivalentes sempre que se superaran, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destes ensinos e acreditar un nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior. O alumnado con título de máster español e título de grao non español poderá acceder os estudos de doutoramento aínda non acadando os 300 ECTS ou cinco cursos de duración conxunta dos seus estudos universitarios oficiais.
- b) O alumnado en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros pertencentes ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) poderá solicitar a admisión nos estudos de doutoramento sempre que, sen necesidade da súa homologación, acredite un nivel 7 do Marco Europeo de Cualificacións en tanto que o devandito título faculta para o acceso aos estudos de doutoramento no país de expedición daquel. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso aos ensinos de doutoramento.
- c) O alumnado en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros alleos ao EEES poderá solicitar a admisión nos estudos de doutoramento sen necesidade da súa homologación e previa comprobación pola Universidade de Vigo de que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de Máster universitario que faculta o acceso aos estudos de doutoramento no país de expedición do título. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso a ensinos de doutoramento.
- d) Estar en posesión doutro título de Doutora ou Doutor.

- e) Igualmente poderán acceder as persoas tituladas universitarias que, previa obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, tivesen superado con avaliación positiva alomenos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en Ciencias da Saúde.

Artigo 17. Admisión

Na memoria de verificación e na oferta dos programas poderán establecerse requisitos e criterios adicionais para seleccionar e admitir o estudantado. Os criterios respectarán, en todo caso, os principios constitucionais de mérito e capacidade xunto cos de igualdade e non discriminación.

A este respecto, cada programa de doutoramento deberá reservar, polo menos, un 5 % das prazas ofertadas para estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, así como para estudantes con necesidades educativas especiais permanentes e que nos seus estudos anteriores tivesen precisado de recursos e apoios para a súa plena normalización educativa. As prazas que non se cubran nesta cota especial pasarán a formar parte da oferta xeral de prazas do programa.

No caso de que o alumnado careza da formación previa completa esixida no programa, a admisión poderá quedar condicionada a superar os complementos de formación específicos.

De ser o caso, os programas, a través da súa memoria, determinarán os complementos de formación que a CAPD concretará para cada estudante coa publicación da listaxe provisional de matrícula do alumnado, sen que se poidan superar os 15 créditos ECTS. Estes complementos realizaranse con anterioridade ou simultaneamente á matrícula en tutela académica no programa. No caso de realización simultánea, o alumnado deberá matricularse nestes complementos no momento de formalizar a matrícula de tutela académica no programa. De ser anterior, só se matriculará nestes complementos e non se asinará o compromiso de supervisión ao que se refire o artigo 32 deste regulamento, nin se abrirá o documento de actividades do doutorando/a ata a súa superación.

Os complementos de formación superaranse no prazo máximo de dous cuatrimestres consecutivos. De non facelo así, o alumnado causará baixa no programa.

Os devanditos complementos de formación específica poderán ser de materias ou módulos de mestrado e de grao e, para os efectos de prezos públicos e de concesión de bolsas e axudas ao estudo, consideraranse formación de nivel de doutoramento. No caso de realizarse con carácter previo, o seu desenvolvemento non computará para os efectos do límite temporal establecido para realizar a tese. Estes créditos non computarán para os efectos dos requisitos ordinarios de acceso ao programa de doutoramento.

Artigo 18. Admisión de alumnado con titulación estranxeira

O estudantado que teña títulos equivalentes aos oficiais de grao e de mestrado e que dean acceso aos estudos de doutoramento no seu país de orixe, expedidos por unha universidade ou centro de ensino superior estranxeiros, poderán solicitar a súa admisión aos estudos de doutoramento tras a homologación do seu título polo ministerio competente ou pola universidade, segundo corresponda.

O alumnado con título estranxeiro sen homologar poderá solicitar a admisión nos estudos de doutoramento sempre que acredite un nivel de formación equivalente ao do título oficial español de mestrado universitario e faculte no país expedidor do título para acceder a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo nin o recoñecemento para outros efectos ca os de acceso a estas ensinanzas.

Na solicitude de admisión do alumnado tamén se incluírá a posibilidade de realizar simultaneamente a solicitude de equivalencia, en caso necesario. A CAPD valorará a

adecuación académica dos estudos cursados pola persoa solicitante e figurará esta circunstancia na proposta de admisión no programa.

As resolucións de equivalencia constarán no expediente do/a alumno/a e poderán certificarse como calquera outro extremo.

O alumnado poderá matricularse sen esperar á resolución de equivalencia, pero a súa matrícula quedará condicionada a esta declaración.

Cada programa poderá establecer unha cota para alumnado con titulacións estranxeiras, establecendo e acordando, con anterioridade aos prazos de preinscrición, preadmisións condicionadas ao cumprimento dos requisitos e criterios de selección.

Artigo 19. Admisión de alumnado con necesidades especiais

Para o estudantado con necesidades educativas especiais, estableceranse sistemas e servizos de apoio e de asesoramento adecuados por parte da Universidade de Vigo. Estes servizos orientados ao apoio á integración do alumnado con necesidades especiais, que poderán determinar a necesidade de apoio educativo ou posibles adaptacións curriculares, itinerarios ou estudos alternativos.

Artigo 20. Procedemento de admisión

- a. As comisións académicas poderán establecer requisitos e criterios adicionais para a selección e admisión dos estudantes a un programa de doutoramento. En particular, poderase establecer o aval dunha investigadora ou dun investigador como posible Directora ou Director da tese doutoral.
- b. O alumnado que reúna os requisitos de acceso e de admisión poderá solicitar a admisión a un programa de doutoramento, para o cal se establecerá un prazo de preinscrición. A mencionada solicitude presentarse no lugar que sinala a convocatoria.
- c. Logo de finalizar este prazo, a CAPD realizará a proposta de persoas admitidas, con indicación dos complementos de formación, de ser o caso, coa súa correspondente listaxe de agarda, de acordo cos criterios de selección establecidos no programa. A devandita proposta considerárase como relación provisional de persoas admitidas e excluídas e deberá publicarse.
- d. Os/As aspirantes non admitidos/as poderán presentar unha reclamación no prazo e na forma establecidos na correspondente convocatoria de matrícula. Unha vez transcorrido o período de reclamacións e resoltas estas, remitiráselle a relación de alumnado admitido á unidade de xestión administrativa correspondente para poder formalizar a súa matrícula no prazo que se sinala. De non formalizar a súa matrícula, a persoa solicitante decaerá nos seus dereitos.

Artigo 21. Recoñecementos

O alumnado que cursara con anterioridade estudos de doutoramento en regulacións anteriores ao Real Decreto 99/2011, poderá solicitar a admisión nun programa verificado conforme o citado real decreto. Unha vez admitido/a, deberá realizar todos os trámites do novo alumnado do programa e a liquidación de prezos públicos que proceda, e comezarán a computar os prazos para a etapa da tese.

Os cursos, seminarios, estadías e traballos de investigación realizados na etapa de tese e que non formaran parte formativa de programas do Real decreto 778/1998, do Real decreto 56/2005 ou do Real Decreto 1393/2007, ou a realización doutros levados a cabo en programas de doutoramento dunha universidade española ou estranxeira, poderán recoñecerse polos equivalentes dun programa de doutoramento.

O alumnado que cambie dun programa de doutoramento regulado polo Real decreto 99/2011 a outro programa da mesma regulación poderá solicitar o recoñecemento das actividades realizadas no programa previamente cursado.

Para que a comisión académica poida autorizar estes recoñecementos, deberá existir afinidade suficiente en duración e contidos coas actividades formativas do programa. Unha vez recoñecidos, incluíranse no documento de actividades personalizado e poderase imputar como superación dunha actividade formativa do programa, de ser o caso.

A escola de doutoramento establecerá as bases e o procedemento de recoñecemento de actividades.

Capítulo 6. Matrícula en estudos de doutoramento

Artigo 22. Matrícula no programa de doutoramento

As doutorandas e os doutorandos admitidos nun programa de doutoramento matricularanse, de ser o caso, nas actividades formativas determinadas pola CAPD e anualmente polo concepto de tutela académica do doutoramento, tras a avaliación positiva da CAPD. A matrícula tramitarase na unidade de xestión e de acordo co procedemento e co calendario que a Universidade de Vigo estableza. No caso de que unha/un doutoranda/o non realice a matrícula anual nun curso académico, causará baixa definitiva no programa, agás nos casos previstos por baixa temporal. A matrícula de tutela académica outórgalle ao doutorando/a o dereito á titoría académica, ao uso dos recursos necesarios para desenvolver o seu traballo e á plenitude de dereitos previstos pola normativa para o estudantado de doutoramento.

Á comunidade autónoma de Galicia correspóndelle fixar as taxas académicas polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, que se considerarán prezos públicos.

Cando se trate de programas conxuntos, o convenio incluído na memoria de verificación do programa determinará a forma en que se levará a cabo a devandita matrícula.

Cando se trate de programas de intercambio de alumnado, o acordo asinado polas universidades participantes determinará a forma en que se levará a cabo a matrícula.

Artigo 23. Períodos de matrícula

Haberá dous períodos de matrícula ordinarios para estudantado de doutoramento de novo ingreso: un ao comezo do primeiro cuadrimestre e outro ao comezo do segundo cuadrimestre do mesmo curso académico. O segundo período está condicionado a que existan prazas vacantes e a que a CAPD así llo solicite ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.

Os prazos para pagar os prezos públicos serán os fixados na resolución reitoral da correspondente universidade.

As tres universidades do SUG tratarán de establecer un calendario de matriculación común.

Artigo 24. Matrícula a tempo completo e a tempo parcial

O estudantado de doutoramento poderá matricularse a tempo completo ou a tempo parcial. Para esta última modalidade, será requisito indispensable a condición de doutorando/a a tempo parcial outorgada, de ser o caso, pola CAPD. Esta condición solicitaráselle á CAPD mediante os documentos xustificativos. Para a condición de doutorando ou doutoranda a tempo parcial, teranse en conta motivos de carácter laboral, familiar ou persoal.

- a) Os motivos de carácter laboral, serán preferentemente situacións de carácter fixo ou estable, pero non situacións eventuais, como contratos temporais, contratos en prácticas ou bolsas de colaboración cunha duración inferior a seis meses.

- b) Os motivos de carácter familiar ou persoal incluírán, entre outras, situacións de dependencia, coidado de maiores ou fillos/as discapacitados, familia numerosa con fillos/as en idade escolar e situacións de violencia de xénero.
- c) O estudantado cun grao de discapacidade superior ao 33 % obterá, se llo solicita e xustifica documentalmente á CAPD, a condición de estudante a tempo parcial.

O cambio de modalidade de matrícula poderá solicitarse nos períodos de matrícula ordinarios, condicionada ao informe favorable da CAPD, e extraordinariamente noutros períodos por modificacións das circunstancias laborais, familiares ou persoais do/a doutorando/a.

O procedemento para a matrícula a tempo parcial será o establecido na convocatoria anual de matrícula.

A universidade, a proposta de cada CAPD, poderá establecer do total de estudantado matriculado no programa unha porcentaxe máxima de doutorandos/as matriculados/as a tempo parcial.

Artigo 25. Simultaneidade da matrícula nun programa de doutoramento e noutros estudos universitarios

Para a simultaneidade da matrícula nun programa de doutoramento coa matrícula noutros estudos universitarios oficiais (grao e/ou mestrado) terase en conta:

- a) Que a matrícula nun programa de doutoramento a tempo completo compute en xeral como 60 créditos ECTS para valorar a simultaneidade de estudos nun curso académico. Non obstante, excepcionalmente será de 45 créditos ECTS especificamente para a simultaneidade cos estudos de máster. Esta excepcionalidade só se poderá aplicar durante un curso académico.
- b) Que a suma dos créditos ECTS da matrícula a tempo completo no programa de doutoramento e a matrícula noutros estudos universitarios oficiais (grao e/ou mestrado) nun mesmo curso académico non pode exceder do máximo establecido na normativa da Universidade de Vigo para aqueles estudos.

Capítulo 7. Duración dos estudos de doutoramento

Artigo 26. Duración máxima e mínima dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial

A duración dos estudos de doutoramento será dun máximo de catro anos naturais a tempo completo e sete a tempo parcial, a contar desde a data de matrícula da persoa doutoranda no programa ata a data do depósito da tese de doutoramento, puidendo ampliarse mediante unha prórroga tal e como se contempla no artigo 27.

Cando o/a estudante de doutoramento sexa unha persoa cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %, a duración dos estudos de doutoramento será dun máximo de seis anos a tempo completo e de nove anos a tempo parcial.

No caso de concorrencia de períodos a tempo completo e a tempo parcial, a duración máxima dos estudos de doutoramento será a que corresponda segundo a seguinte fórmula de cálculo total do cómputo de tempo de permanencia:

Tempo total = tempo en dedicación completa + 0,571 · tempo en dedicación parcial.

Para as persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 % a duración máxima dos estudos de doutoramento calcularase, no caso de concorrencia de períodos a tempo completo e a tempo parcial, mediante a fórmula:

Tempo total = tempo en dedicación completa + 0,667 · tempo en dedicación parcial

A duración mínima dos estudos de doutoramento será, a tempo completo, de 18 meses e no caso de concorrencia de períodos a tempo completo e a tempo parcial, o que corresponda segundo o indicado para o cálculo total do cómputo de tempo neste mesmo artigo. O cómputo realizarase desde a admisión do/a doutorando/a ata a presentación da solicitude de depósito da tese de doutoramento.

No caso do alumnado procedente de estudos de doutoramento regulados por normativas anteriores ou traslados de expedientes doutras universidades, computará para os efectos do establecido no parágrafo anterior o período en tutela académica previo á matrícula no programa de doutoramento na Universidade de Vigo.

Artigo 27. Prórrogas para realizar estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial

Se a solicitude do depósito da tese de doutoramento non se presenta despois de transcorrer o prazo establecido, a CAPD podería autorizar a súa prórroga, logo da solicitude do/a doutorando/a. A prórroga sería dun ano nos estudos de doutoramento a tempo completo e de dous anos nos estudos de doutoramento a tempo parcial. A solicitude de autorización da citada prórroga farase de forma motivada e de acordo coa normativa da Universidade de Vigo.

Artigo 28. Baixa temporal nun programa de doutoramento

Distingúense dous tipos de baixa temporal, que non computarán en relación co tempo mínimo e máximo de permanencia nos estudos de doutoramento:

- a) Por situacións de incapacidade temporal, nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación, atención a persoas dependentes, violencia de xénero, circunstancias xeopolíticas ou calquera outra situación contemplada na normativa vixente. As peticións deberán ser acreditadas documentalmente e dirixidas ao Servizo de Xestión Académica, quen resolverá a solicitude e informará á CAPD. A duración da baixa será determinada pola causa daquela, segundo as directrices marcadas polo Servizo de Xestión Académica.
- b) A petición propia. A persoa doutoranda poderá solicitar baixa temporal no programa de doutoramento, e o cómputo global de todas as solicitudes non excederá os dous anos de duración.

A aprobación dunha baixa temporal requirirá a aprobación previa pola CAPD do plan de investigación e formación da persoa doutoranda. As solicitudes de baixas temporais deberán ser dirixidas e xustificadas ante a CAPD, a cal se pronunciará sobre a súa procedencia.

As actividades desenvoltas durante a baixa temporal non poderán incluírse no documento de actividades e os períodos de baixa temporal no programa non computarán no prazo de desenvolvemento da tese ao que se refire o artigo 26 deste regulamento.

Artigo 29. Baixa definitiva nun programa de doutoramento

A baixa definitiva nun programa de doutoramento implica a imposibilidade de matrícula no mesmo programa durante tres cursos académicos.

As baixas definitivas poden ser de carácter administrativo ou de carácter docente. Son causas de baixas definitivas administrativas as seguintes:

- Non realizar a matrícula anual nun curso académico.
- Non ter presentado o plan de investigación nos prazos establecidos.
- Non ter superados os complementos de formación en dous cuatrimestres consecutivos.

Neste tipo de baixas definitivas o alumnado afectado podería solicitar, por unha única vez, a reincorporación ao mesmo programa de doutoramento tres cursos despois de producirse a baixa. Esta reincorporación implica a anulación de todas as actuacións do expediente anterior.

Son motivos de baixa definitiva de carácter docente os seguintes:

- Ter dous informes negativos consecutivos na avaliación anual ou para a aprobación do plan de investigación inicial.
- Non ter superada a defensa da tese nos prazos establecidos.

No caso das baixas definitivas de carácter docente o alumnado afectado só poderá solicitar a matrícula no mesmo programa de doutoramento tres cursos académicos despois de que se producira a citada baixa pero podería solicitar, por unha única vez, a matrícula noutro programa diferente.

Tras a baixa nun programa de doutoramento, se un/unha estudante se incorpora noutro, o tempo xa consumido na elaboración da tese computarase, agás que se dean as seguintes circunstancias:

- Que a dirección asignada non sexa coincidente con ningunha das persoas que tiña asignadas no programa anterior.
- Que se trate dun novo plan de investigación nun tema diferente.

Non obstante, as dúas condicións anteriores poderán ser eximidas para teses con financiamento a través de contratos predoutorais de convocatoria pública, sempre que as bases da convocatoria o permitan e coa conformidade das comisións académicas implicadas e da escola de doutoramento.

En todo caso, a admisión nun programa de doutoramento quedará a criterio de cada CAPD.

Capítulo 8. Organización da formación e expediente do alumnado

Artigo 30. Competencias e destrezas que adquirirá o estudantado

Os estudos de doutoramento garantirán, como mínimo, a adquisición polo alumnado das competencias básicas, destrezas e habilidades recollidas no artigo 5 do Real Decreto 99/2011, así como outras que figuren no marco español da cualificación para a educación superior.

Artigo 31. Documento de actividades do/a doutorando/a

Unha vez matriculado/a cada doutorando/a no programa, materializarase o documento de actividades personalizado para os efectos do rexistro individualizado. Nel inscribíranse todas as actividades de interese para o desenvolvemento do/a doutorando/a segundo o que estableza a EIDO e será supervisado anualmente pola CAPD.

O devandito documento deberá axustarse ao formato establecido, rexistrarse na aplicación informática e quedar constancia documental que acredite a realización das actividades realizadas polo/a doutorando/a.

O/A estudante de doutoramento terá acceso ao documento de actividades de doutorando/a para anotar e actualizar as actividades que realice no contexto do programa. Os seus rexistros serán validados polo órgano académico correspondente tras a valoración do tutor/a e o director/a, logo da comprobación por parte da administración da autenticidade/veracidade dos méritos alegados, de ser o caso.

Ao documento de actividades de doutoramento terán acceso, para as funcións que correspondan en cada caso, o doutorando/a, o seu tutor/a, o seu director/a de tese e o/a secretario/a do

programa de doutoramento, así como as persoas que participen na avaliación e na xestión do expediente.

Artigo 32. Plan de investigación e plan de formación persoal

Antes de seis meses, que se contarán desde a data da matrícula, o/a doutorando/a elaborará un plan de investigación que incluíra unha introdución, a metodoloxía empregada e os obxectivos que se han de alcanzar, así como os medios e a planificación temporal para acadalo. O plan presentárase e avalárase co informe do/a director/a e do/a tutor/a, ademais de aprobalo a CAPD. Este plan poderase mellorar e detallar no proceso de avaliación anual contando co aval do tutor/a e do director/a. No mesmo período deberá presentarse o plan de formación.

O plan de formación da persoa doutoranda conterá unha previsión das distintas actividades formativas que se desenvolverán durante a tese de doutoramento para complementar a formación académica, en termos de coñecemento, competencias e habilidades, tanto transversais como específicas, e a formación investigadora. Como mínimo, o plan de formación deberá conter aquelas actividades de formación de carácter obrigatorio establecidas por parte do programa de doutoramento na súa memoria. Os plans deberán ser aprobados pola CAPD, previo informe do perfil autorizado quen deberá informar ás demais persoas directoras e/ou titoras, segundo corresponda.

Anualmente a CAPD supervisará o plan de investigación, o plan de formación e o documento de actividades, e disporá para realizar a supervisión dos informes que para tal efecto emitirán o/a tutor/a e o/a director/a. A avaliación positiva será requisito indispensable para continuar no programa. No caso de avaliación negativa, que será debidamente motivada, o/a estudante de doutoramento terá dereito a unha nova avaliación no prazo de seis meses, para o que elaborará un novo plan de investigación e/ou de formación. No suposto de producirse unha nova avaliación negativa, causará baixa definitiva no programa.

O incumprimento do prazo de presentación dos plans leva consigo o arquivo da matrícula. O citado arquivo de matrícula transformárase nunha baixa definitiva se non se presenta o plan de investigación finalizado o curso no que tería que presentarse.

Artigo 33. Compromiso de supervisión

As funcións de supervisión, tutela e seguimento dos/as estudantes reflectiranse nun compromiso de supervisión. O devandito compromiso será asinado, na correspondente plataforma informática, polo/a doutorando/a, o perfil autorizado e o/a coordinador/a unha vez matriculado.

No compromiso de supervisión especificase a relación académica entre o/a doutorando/a e a Universidade de Vigo, os seus dereitos e deberes, que inclúen os posibles dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial derivados da investigación, así como a aceptación do procedemento de resolución de conflitos e a súa duración. Inclúense tamén os deberes da(s) persoa(s) que tutelen e dirixan a tese.

No caso de cambiar as condicións de realización da tese será necesaria a sinatura dun novo compromiso documental de supervisión. Así mesmo, no caso de cambio da persoa titora, e/ou de incorporación ou cambio dun/a director ou directora será necesaria unha nova sinatura do compromiso documental de supervisión pola persoa titora e/ou directora de tese.

Artigo 34. Resolución de conflitos

As dúbidas ou as controversias que xurdan en relación cos/coas axentes implicados/as no desenvolvemento do programa de doutoramento serán levadas polas persoas interesadas en primeiro termo ante a CAPD.

No caso de que as controversias conclúan nun conflito, a súa resolución corresponderalle ao órgano designado pola EIDO, seguindo o protocolo da guía de boas prácticas da mesma. Comunicaráselles o acordo ás partes afectadas por resolución do/a director/a da EIDO. As persoas lexitimadas poderán presentar un recurso de alzada contra esta resolución perante o reitor/a da universidade ou persoa en quen delegue.

Así mesmo, poderase presentar unha reclamación ante a Valedoría Universitaria, nas condicións establecidas no artigo 60 dos Estatutos da Universidade de Vigo ou acollerse aos procedementos oficiais de reclamación previstos pola normativa da Universidade de Vigo.

Capítulo 9. Tese de doutoramento

Artigo 35. A tese de doutoramento

A tese de doutoramento consistirá nun traballo orixinal de investigación relacionado cos campos científico, técnico ou artístico do programa de doutoramento cursado polo/a doutorando/a.

A tese de doutoramento redactarase, como norma xeral, en lingua galega, castelá, inglesa ou portuguesa, ou no idioma de uso común no ámbito científico, técnico ou artístico de que se trate. Non obstante, a escola de doutoramento poderá autorizar a súa redacción noutro idioma, logo de que a CAPD informe favorablemente e garanta que o tribunal estea en condicións de xulgarla. No caso de que se redacte nunha lingua distinta do galego ou do castelán, a tese deberá incluír un resumo de, polo menos, 3000 palabras en galego ou en castelán.

A tese de doutoramento incluírá, con carácter xeral, resumo, introdución, obxectivos, metodoloxía, resultados, e/ou discusión, conclusións e bibliografía, así como a relación das publicacións que lle acheguen contidos á tese, coa descrición da contribución do/a alumno/a en cada unha destas publicacións e os informes de valoración da tese do/a director/a e do/a titor/a. A EIDO publicará unha guía de boas prácticas para dirixir teses de doutoramento e unha guía de estilo para presentalas.

Artigo 36. Procedemento de autorización da tese para a súa defensa

Logo de rematar a elaboración da tese e tras o informe favorable da persoa ou persoas que a dirixen e, no seu caso, do/a titor/a, o/a doutorando/a solicitaralle á CAPD o seu depósito, e a autorización para defendela de acordo co procedemento establecido en cada caso. Para iso enviaralle á área académica competente o exemplar da tese e a documentación xustificativa das mencións que non estea xa recollida no sistema. Esta solicitude de depósito paraliza provisionalmente o cómputo máximo para o depósito da tese, por un tempo non superior a 4 meses.

A tese deberá contar cun mínimo de dous informes emitidos por persoas doutoras expertas na materia, externas á universidade e ao programa de doutoramento, que poderán propoñer aspectos de mellora. A tese evaluarase de acordo aos seguintes criterios:

- 1) Calidade científica, técnica, xurídica-social humanística ou artística, segundo a súa temática.
- 2) Novidade e orixinalidade.
- 3) Metodoloxía empregada.
- 4) Estrutura, formato e redacción.

Os devanditos informes serán xestionados a través da CAPD mediante o procedemento que esta ditamine. As persoas expertas poderán formar parte do tribunal que avalíe a tese.

A CAPD dispoñerá dun prazo máximo de dous meses desde a solicitude de depósito da tese pola persoa para a remisión á EIDO do seu informe de autorización da tese para a súa defensa.

De consideralo necesario, a CAPD poderá solicitar un terceiro informe dunha persoa externa á universidade antes de emitir o seu informe de autorización de tese.

Este informe poderá ser:

- a) Favorable.
- b) Condicionado á necesidade dunha nova versión da tese. Neste caso o informe indicará as correccións necesarias, con indicación do prazo fixado á persoa doutoranda para a presentación das alegacións e/ou das modificacións solicitadas, que non poderá exceder os tres meses.
- c) Desfavorable, que deberá estar suficientemente motivado academicamente. O informe desfavorable reactiva o cómputo do prazo máximo para depositar a tese. Por unha única vez podería volver a solicitarse o depósito da tese.

No caso de informe condicionado, a non presentación pola persoa doutoranda das modificacións requiridas no prazo marcado pola CAPD implicará de forma automática o informe desfavorable daquela. No caso de que a persoa doutoranda presente as modificacións ou correccións da tese en prazo, a CAPD dispoñerá, desde a data de presentación polo/a doutorando/a do requirido, dun prazo máximo dun mes para remisión á EIDO do informe, neste caso favorable ou desfavorable.

A EIDO establecerá o procedemento para verificar que a documentación está completa, que o formato da tese é axeitado e que a orixinalidade da investigación está garantida, para o cal poderá utilizarse un programa antiplaxio.

Unha vez autorizada a presentación da tese para defendela por parte da CAPD, esta informará á EIDO e remitiralle unha proposta da composición do tribunal que xulgará a tese aprobada pola CAPD, formado por doutores/as especialistas na materia da tese de doutoramento, con experiencia investigadora acreditada de acordo co artigo 8 e segundo o establecido no artigo 38 do presente regulamento.

Unha vez recibida toda a documentación da tese e logo de revisar pola unidade competente que o expediente está completo e correcto, abrirase un período de exposición pública de dez días hábiles en período lectivo. Garantirase a máxima difusión institucional para que calquera doutor/a poida examinar a tese e dirixirle por escrito as consideracións que estime oportunas á EIDO. Co fin de facilitar a consulta das teses, a universidade valorará a posibilidade de habilitar un procedemento telemático, sempre que non concorran limitacións derivadas do artigo 14.6 do Real Decreto 99/2011.

Cando finalice o período de exposición pública, o órgano designado pola EIDO valorará a tese tendo en conta o informe da CAPD e as alegacións recibidas, de ser o caso. Asemade, o citado órgano poderá convocar ó/a doutorando/a e/ou ó/a director/a ou solicitarlle unha resposta razoada das alegacións ou outra información que considere necesaria, e poderá consultarlle á CAPD e/ou contar coa colaboración doutros/as doutores/as externos para asesorar á hora de avaliar a tese.

Tras a valoración da tese, o órgano designado pola EIDO decidirá aprobar ou denegar a continuidade dos trámites e asignar no seu caso a área temática de investigación, actuacións que se rexistrarán no documento de actividades do/a doutorando/a. Esta decisión comunicáraselles a quen dirixa a tese de doutoramento, ó/a estudante e á CAPD.

No caso de denegación da continuidade dos trámites, que estará debidamente motivada, o órgano designado pola EIDO comunicarlle ó/a doutorando/a as vías que poidan conducir a corrixir axeitadamente a súa tese de doutoramento, antes de proceder a unha nova solicitude de depósito.

No caso de continuidade, o órgano designado pola EIDO valorará o tribunal proposto e aprobarao nos termos establecidos no artigo 37 do presente regulamento.

O nomeamento do tribunal e as persoas suplentes comunicáraselles á CAPD e ó/a director/a, incluírase na aplicación TESEO, e faráselle chegar a cada un/ha deles/as a notificación da súa designación. Ademais, remitiráselle a cada membro do tribunal titular un exemplar da tese de doutoramento e o expediente do/a doutorando/a.

O nomeamento do tribunal implicará a autorización para a defensa pública da tese.

A defensa pública realizarase nun prazo máximo de tres meses desde a autorización da defensa polo órgano designado pola EIDO, agás as causas debidamente xustificadas. Se se supera este prazo, iniciaranse de novo os trámites de autorización da tese para defendela.

Artigo 37. Teses con protección de dereitos

No compromiso documental incluíranse as cláusulas oportunas para garantir a non difusión dos contidos no caso de teses de doutoramento en que existan cláusulas de confidencialidade con empresas ou as que poidan dar lugar a dereitos de propiedade industrial e intelectual, e dos que non se poida realizar a difusión de contidos antes de estar debidamente protexidos.

Este tipo de tese formalizarase en dúas versións: a reducida, en que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difusión ou polo deber de segredo ou confidencialidade, e o exemplar completo, que quedará arquivado na universidade baixo o compromiso de confidencialidade.

O exemplar reducido será o depositado para que o consulte a comunidade científica de doutores/as. Esta versión coincidirá co contido da exposición e coa defensa pública da tese.

A versión completa será a que se lles entregue aos membros do tribunal para avaliála. Os membros asinarán o correspondente compromiso de confidencialidade sobre os contidos dos que non se pode realizar unha difusión pública.

Se o tribunal desexa formularlle cuestións ó/a doutorando/a sobre os contidos protexidos, estas intervencións faranse en sesión privada, con carácter previo ou posterior á pública.

Unha vez aprobada a tese, o exemplar reducido será o que se publique no repositorio institucional. Tras realizar as oportunas proteccións ou vencido o prazo de confidencialidade, o/a doutorando/a poderá solicitar, logo da acreditación destas circunstancias, a súa substitución polo exemplar completo.

Artigo 38. Tribunal de avaliación

A CAPD, despois de oír o/a director/a da tese (e/ou de ser o caso, o/a tutor/a), propondrá unha relación de sete membros do tribunal para avaliar a tese.

Unha vez admitida a trámite a tese de doutoramento pola CAPD, o órgano designado pola EIDO avaliará a proposta de tribunal remitida pola CAPD.

O tribunal encargado de xulgar a tese será nomeado polo órgano designado pola EIDO entre os/as especialistas propostos pola CAPD e estará constituído por tres persoas titulares e dúas suplentes. Entre os membros do tribunal nomearase un/ha presidente/a e un/ha secretario/a. No caso de que ningún membro do tribunal pertenza á Universidade de Vigo, a CAPD designará un/ha profesor/a do programa de doutoramento da Universidade de Vigo como responsable da recepción das actas e da súa posterior entrega na unidade administrativa correspondente.

No caso de renuncia por causa xustificada dun ou dunha integrante titular do tribunal, substituirase pola persoa suplente seguindo a orde da proposta de suplentes do tribunal.

Na composición do tribunal deben respectarse os seguintes requisitos:

- a) Todos os membros serán doutores/as e con experiencia investigadora acreditada segundo o establecido no artigo 8.
- b) O profesorado dos corpos docentes universitarios poderá formar parte dos tribunais de teses de doutoramento aínda que estean en situación de excedencia, xubilación, servizos especiais ou en comisión de servizos, e considerarase neste último caso como pertencente á universidade en que se atope prestando os seus servizos. O profesorado contratado laboral poderá formar parte dos tribunais de teses de doutoramento aínda que estean en situacións laborais equivalentes ás anteriores do persoal dos corpos docentes universitarios.
- c) O tribunal estará formado por unha maioría de membros externos á Universidade de Vigo e ao programa de doutoramento. Non poderá formar parte do tribunal titular máis dun membro da mesma entidade.
- d) En ningún caso poderán formar parte do tribunal o/a director/a ou codirector/a da tese nin, de ser o caso, o/a titor/a, agás nos casos de teses presentadas no marco de acordos bilaterais de cotutela con universidades estranxeiras que así o teñan previsto ou nos casos de teses presentadas en programas de doutoramento conxuntos con universidades estranxeiras, en virtude dos correspondentes convenios.
- e) Non poderán formar parte do tribunal as persoas coautoras das publicacións derivadas dunha tese.
- f) No caso da mención internacional no título de doutor/a, ten que formar parte do tribunal titular, polo menos, unha persoa experta, co título de doutor/a, que traballe nunha institución de ensinanza superior ou centro de investigación de prestixio non español. O tribunal estará formado por unha maioría de membros alleos ás universidades participantes no programa e ás institucións onde se realizara(n) a(s) estadía(s). Non poderán formar parte do tribunal os titores das estadías. Nomearase un/ha doutor/a que traballe no estranxeiro na comisión titular e outro/a que cumpra as mesmas condicións como suplente, sempre que sexa posible. Este/a doutor/a que traballe no estranxeiro ten que ser distinto dos/das dous/dúas expertos/as referidos no apartado c) do artigo 43.
- g) Non poderá formar parte do tribunal avaliador da tese a persoa responsable designada pola entidade, empresa ou administración pública nas teses con mención “Doutoramento Industrial”.
- h) O tribunal titular contará coa presenza dun mínimo dun membro de cada sexo, e o conxunto dos/as titulares e mais dos/as suplentes contará coa presenza dun mínimo de dous membros de cada sexo.
- i) Non poderá formar parte da proposta dun tribunal quen incorra en calquera das causas de abstención establecidas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Artigo 39. Acto de defensa pública da tese

Unha vez autorizada a defensa pública da tese, o/a doutorando/a deberá pagar as taxas dos dereitos de exame do grao de doutor/a na unidade administrativa que se determine.

Logo de pagar as devanditas taxas, o órgano designado pola EIDO remitiralle ó/á secretario/a do tribunal os documentos para cubrir no acto de defensa da tese de doutoramento:

- Acta da sesión.
- Sobres oficiais que recollan os informes confidenciais sobre a tese para os efectos da mención *cum laude*, no seu caso.

Establecido o acordo sobre data e lugar da defensa, o/a secretario/a comunicarlle, polo menos con dez días de antelación, o día, o lugar e a hora do citado acto á EIDO. Esta, á súa vez, informará a CAPD, o/a estudante, o/a director/a da tese e realizará a publicidade pertinente. O/A

presidente/a do tribunal convocará o/a estudante e os membros do tribunal ao acto de defensa da tese de doutoramento.

Previo ao acto público de defensa da tese, o tribunal avaliador dispoñerá do documento de actividades da persoa doutoranda coas actividades formativas levadas a cabo e os informes das persoas expertas externas, así como, no seu caso, a resposta do doutorando ou da doutoranda aos mesmos. O documento de actividades non dará lugar a unha puntuación cuantitativa pero si constituirá un instrumento de avaliación cualitativa que complementará a avaliación da tese de doutoramento.

A defensa da tese realizarase nunha sesión pública durante o período lectivo do calendario académico e terá lugar na Universidade de Vigo ou, no caso de programas de doutoramento conxuntos, nos termos que indiquen os convenios de colaboración. Calquera outra opción requirirá da autorización expresa da CAPD e asegurase, en todo momento, o cumprimento da presente normativa e dos procesos establecidos para a súa avaliación.

A dirección da EIDO poderá autorizar que a tese sexa defendida de xeito non presencial ou semipresencial. A EIDO establecerá o procedemento a seguir nestes casos.

Se no acto de defensa e de exposición pública da tese non se presentase algún membro do tribunal titular, incorporaranse os/as suplentes que cumpran o requisito sobre a maioría de membros externos á Universidade de Vigo e ás institucións participantes no programa de doutoramento. Se isto non fose posible, o/a presidente/a do tribunal suspenderá o acto de lectura e comunicarlle este feito á EIDO. O órgano designado pola EIDO poderá autorizar a defensa nas vinte e catro horas seguintes e poderá autorizar que a tese sexa defendida de xeito non presencial ou semipresencial, establecendo o procedemento a seguir neste caso. De non ser factible, o/a presidente/a convocará de novo o acto de defensa da tese de doutoramento nos termos fixados no presente regulamento. De non ser factible, ou superados tres meses, repetirase o procedemento previsto para o nomeamento do tribunal.

Os membros do tribunal expresarán a súa opinión sobre a tese e poderán presentar cantas cuestións e obxeccións consideren oportunas, ás que o/a doutorando/a deberá contestar. Así mesmo, os/as doutores/as presentes no acto poderán formular cuestións e obxeccións, e o/a doutorando/a responderá todo isto no momento e na forma que sinala o/a presidente/a do tribunal.

Artigo 40. Cualificación da tese de doutoramento

Unha vez finalizada a defensa da tese por parte do/a doutorando/a, o tribunal emitirá un informe sobre esta e a cualificación global concedida de acordo coa seguinte escala: non apto, aprobado, notable e sobresaliente. O/A secretario/a do tribunal redactará a acta de colación do título de doutor/a, que incluírá información relativa ao desenvolvemento do acto de defensa e á cualificación. Se o/a estudante solicitase optar a mención internacional do título de doutor/a, o/a secretario/a do tribunal incluírá na acta de colación a certificación de cumprimento dos requisitos esixidos. O/A presidente/a do tribunal comunicará en sesión pública a cualificación.

O tribunal poderá outorgar que a tese obteña a mención *cum laude* se a cualificación global é de sobresaliente e se emite en tal sentido o voto secreto positivo por unanimidade. O/A secretario/a do tribunal informará aos membros do tribunal do alcance desta mención, especialmente aos estranxeiros. A EIDO regulamentará o procedemento para conceder a devandita mención nunha sesión diferente da correspondente á de defensa da tese de doutoramento. En ningún caso se fará pública a mención *cum laude* no acto de defensa.

A persoa secretaria do tribunal, será responsable da documentación correspondente á defensa da tese de doutoramento, e remitirla debidamente cuberta á unidade administrativa responsable dos estudos de doutoramento na Universidade de Vigo, no prazo máximo de cinco días hábiles posteriores ao día de exposición e defensa da tese para arquivala e documentalala.

Artigo 41. Arquivo da tese de doutoramento

Unha vez aprobada a tese de doutoramento, a Universidade de Vigo, a través da unidade responsable do arquivo universitario, ocuparse de arquivala en formato electrónico aberto ao público nun repositorio institucional e remitiralle un exemplar, en formato electrónico, así como toda a información complementaria que fose necesaria, ao ministerio competente na materia para a súa publicación nun repositorio nacional.

Nas circunstancias establecidas no artigo 37, a EIDO habilitará procedementos que garantan o seu cumprimento.

A publicación neste repositorio cumprirá a normativa antiplaxio das editoriais que publicaran artigos do/a doutorando/a.

A fin de garantir a posible publicación ou protección industrial dos resultados da tese, o/a alumno/a poderá solicitar, de forma motivada, o aprazamento por un ano da publicación no repositorio institucional. Excepcionalmente, e tamén de forma motivada, o/a alumno/a poderá solicitar unha prórroga doutro ano do citado aprazamento.

Artigo 42. Tese que inclúe artigos de investigación

A tese de doutoramento poderá conter un conxunto de traballos que o/a doutorando/a ten publicados, ou que contan coa aceptación definitiva para a súa publicación. O texto da tese que coincida cos traballos publicados seguirá as mesmas normas de arquivo ca os propios traballos, polo que soamente pode depositarse o *post-print* dos artigos, que pode ser a versión enviada polo/a autor/a antes da publicación, a versión publicada polo/a editor/a ou calquera outra que determine a política de copyright e autoarquivo da revista/editorial.

No momento do depósito da tese no órgano designado pola EIDO, o/a doutorando/a presentará a seguinte documentación adicional:

- 1 Informe da persoa ou persoas que dirixen a tese coa aprobación da CAPD onde se especifique a idoneidade da inclusión dos artigos de investigación, a relación das publicacións, a contribución do/a estudante de doutoramento, no caso de que haxa máis coautores/as, e os indicios de calidade das publicacións presentadas.
- 2 Autorización da revista/editorial para o uso da publicación na tese de doutoramento, so no caso que a publicación non sexa en aberto. No caso de non ter esta autorización, presentará a aceptación por escrito dos coautores/as de que o doutorando/a presente o traballo como parte da tese.

Independentemente do número de artigos que se inclúan, a tese conterá, como mínimo:

- Unha introdución, que especificamente conterá unha xustificación razoada da unidade e coherencia temática e metodolóxica da tese e os obxectivos que se deben alcanzar.
- Un capítulo específico que conterá unha discusión xeral que dote de coherencia e de unidade os diferentes traballos.
- As conclusións e unha bibliografía común.

Se un capítulo ou parte dun capítulo é unha copia literal dunha publicación (xa publicada ou aceptada), quedarán claramente explícitos na introdución do capítulo os nomes e a filiación de todas as persoas coautoras, a súa orde, así como a referencia completa da publicación, a editorial e o ISSN ou ISBN. No caso dos artigos con aceptación definitiva para a súa publicación e que na presentación da tese aínda non estean publicados, engadirase o seu código de identificación (o DOI nas publicacións dixitais). Incluírá tamén a autorización da revista/editorial para que o contido apareza replicado na tese.

De non contar coa citada autorización da revista/editorial, o/a doutorando/a proverá unha versión publicable no repositorio sen os artigos que non contén coa devandita autorización. Recoméndase que neste caso figuren como anexos.

A universidade reconecerá como «tese por compendio de publicacións» cando, ademais de cumprirse todo o previsto neste artigo, a tese inclúa un mínimo de tres artigos de investigación publicados ou con aceptación definitiva para a súa publicación. Os artigos deben estar editados en revistas indexadas na listaxe do ámbito correspondente do *Journal Citation Reports*. Nas áreas en que non se aplique este criterio, poderá substituírse polas bases relacionadas pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) para estas áreas.

Capítulo 10. Mencións

Artigo 43. Mención de doutoramento internacional

O título de doutor/a poderá incluír no seu anverso a mención de doutoramento internacional, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que durante a etapa de realización da tese o/a doutorando/a realizase unha ou varias estancias durante, polo menos, tres meses fóra de España nunha institución de ensino superior ou centro de investigación de prestixio, cursando estudos ou realizando traballos de investigación.

En caso de realizar varias estancias, polo menos unha delas deberá ter unha duración mínima de un mes e ningunha unha duración inferior aos sete días. A estadía e as actividades teñen que estar avaladas polo/a director/a e autorizadas pola CAPD, e incorporaranse ao documento de actividades do/a doutorando/a. En ningún caso a estadía total de tres meses poderá desagregarse en máis de cinco períodos separados.

- b) Que parte da tese (polo menos a introdución, o resumo e as conclusións) se redacte e sexa presentada e defendida en exposición pública nunha das linguas habituais para a comunicación científica no seu campo de coñecemento, distinta a calquera das linguas oficiais en España.
- c) Que a tese fose informada por un mínimo de dous/dúas expertos/as doutores/as pertencentes a algunha institución de educación superior ou instituto de investigación non español non coincidente coa institución na que se realizou a estadía. Os expertos que fagan os informes non poden estar no tribunal de tese. Estes informes substituirán aos referidos no artigo 36 deste regulamento.
- d) Que polo menos un/ha experto/a pertencente a algunha institución de educación superior ou centro de investigación non español, co título de doutor/a, e distinto dos/das dous/dúas expertos/as referidos no apartado c), forme parte do tribunal avaliador da tese. Non poderá formar parte do tribunal a persoa responsable da estadía mencionada no apartado a). O tribunal estará formado por unha maioría de membros alleos ás universidades participantes no programa e ás institucións onde se realizara(n) a(s) estadía(s).
- e) Que a defensa da tese sexa efectuada na Universidade de Vigo ou, no caso de programas de doutoramento conxuntos ou teses en cotutela, en calquera das universidades participantes ou nos termos que indiquen os convenios de colaboración.
- f) Que a estadía mencionada no apartado a) constituía unha auténtica acción de mobilidade do/da doutorando/a, cara a un país diferente daquel no que teña ou tivera a súa residencia habitual e diferente daquel no que se desenvolvera a súa formación académica previa ao doutoramento.

A persoa doutoranda subirá a Secretaría Virtual a documentación acreditativa da estadía, a súa autorización para realizala e os informes dos dous expertos/as externos, xunto co resto de documentación, para que poida autorizar a defensa da tese de doutoramento.

Artigo 44. Teses en réxime de cotutela internacional

O título de doutor/a poderá incluír no seu anverso a dilixencia «Tese en réxime de cotutela», sempre que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que a tese de doutoramento estea supervisada por dous/dúas ou máis doutores/as de dúas universidades, a Universidade de Vigo e outra estranxeira, que formalizarán un convenio de cotutela.
- b) Que durante o período de formación necesario para obter o título de doutor/a, o/a doutorando/a desenvolvera unha estadía mínima de seis meses na institución coa que se establece o convenio de cotutela, facendo traballos de investigación nun só período ou en varios. As estadías e mais as actividades reflectiranse no convenio de cotutela.

Respectaranse as lexislacións vixentes para temas de doutoramento existentes en cada país.

Asinarase un convenio marco entre a Universidade de Vigo e a institución interesada que estableza as liñas xerais de cooperación. Para cada cotutela que se poña en funcionamento asinarase, nos primeiros dous anos de formación doutoral, un convenio específico baseado no principio da reciprocidade que terá unha duración máxima de catro anos. En virtude do convenio específico, cada institución recoñeceralle aos seu persoal investigador as tarefas de dirección da tese, independentemente do lugar da súa defensa.

As candidatas e os candidatos á preparación do doutoramento en cotutela efectuarán o seu traballo baixo o control e a responsabilidade dun/dunha director/a de tese en cada unha das institucións interesadas.

O/A doutorando/a matricularase en cada unha das institucións e cumprirá cos requisitos formativos dos programas de ambas as institucións.

O tempo de preparación da tese non será superior a catro anos desde a sinatura do convenio específico e repartirase entre as dúas institucións por períodos de estadía alternativos en cada unha delas. O tempo de estadía mínimo nunha das dúas institucións non será inferior a seis meses, e completarse o período restante na outra. A devandita estadía poderá realizarse dunha soa vez ou en varios períodos.

En virtude do convenio de cotutela, e sobre a base dunha única defensa da tese de doutoramento, cada universidade comprométese, se así se acorda, a expedir o seu propio título de doutor/a correspondente, tras o pagamento dos dereitos de expedición, e con indicación da existencia da cotutela mediante o procedemento previsto na regulación de cada institución.

Independentemente do lugar da defensa da tese, no caso de que se acorde a expedición dun título de doutor/a pola Universidade de Vigo, a tese deberá solicitar a súa admisión a trámite nela.

A EIDO realizará o seguimento e o control das teses realizadas en réxime de cotutela, así como a autorización para a defensa da tese. No caso de non ser autorizada a defensa da tese por unha das dúas universidades, o convenio de cotutela específico quedará sen efecto, o que non impide que a tese se tramite na universidade onde si foi autorizada.

Unha vez admitida a trámite a tese, o tribunal ante o que se deba defender será proposto segundo o que se teña acordado no convenio específico de cotutela. A totalidade dos membros do tribunal estarán en posesión do título de doutor/a e contarán con experiencia investigadora acreditada segundo o establecido no artigo 8. O tribunal estará formado por unha maioría de membros externos ás universidades asinantes e ás institucións colaboradoras no programa de doutoramento. O tribunal designarase pola institución en que se vaia ler a tese de doutoramento e contará coa conformidade da outra. Este tribunal poderá ter algún ou algunha representante das dúas institucións, incluíndo os/as directores/as de tese se así o recolle o convenio.

O convenio específico de cotutela atenderá á lexislación vixente sobre doutoramento en ambas as institucións, e conterá acordo sobre os seguintes aspectos:

- a) Duración.
- b) Tempo de estadía en cada universidade, que non será inferior a seis meses en ningunha delas.
- c) Universidade onde se pagarán as taxas en cada curso académico. O/A doutorando/a matricularase en cada unha das institucións, pero poderá establecerse dispensa de pagamento nunha delas. No caso de que a dispensa lle corresponda á Universidade de Vigo, o convenio específico indicará a partida orzamentaria na que se cargará a taxa.
- d) Persoa encargada da dirección da tese en cada unha das universidades. O cumprimento dos requisitos para exercer a dirección para cada director/a serán os aplicables na súa institución, que poderán ser recoñecidos na outra en virtude do convenio de cotutela exclusivamente para a tese motivo co convenio específico.
- e) Idioma en que se redactará a tese. De ser o caso, terase en conta a normativa para obter a mención de doutoramento internacional no título de doutor/a.
- f) Lugar de defensa da tese.
- g) Acordo sobre a expedición do(s) título(s).
- h) Estrutura do tribunal. Aínda que poderá contar con máis de tres membros, tres deles deberán cumprir coa normativa propia da Universidade de Vigo no que atinxe aos tribunais.
- i) Financiamento dos gastos do profesorado que forme parte do tribunal. Respectaranse os máximos establecidos na Universidade de Vigo ou indicarse a partida orzamentaria onde se cargará o exceso.
- j) Normas de redacción das actas e dos documentos relativos á defensa das teses. No caso de que os baremos de cualificación non coincidan, especificarase como se fixará a cualificación válida en cada unha das universidades. Establecerase tamén o sistema de concesión ou non da mención *cum laude*, de xeito que sexa compatible coa norma da Universidade de Vigo.
- k) Aspectos administrativos sobre comunicación de información e de documentación que se deba trasladar entre as universidades asinantes. Atenderase ao previsto no artigo 44 desde regulamento.

A EIDO realizará o seguimento e o control das teses realizadas en réxime de cotutela e supervisará a redacción dos convenios específicos.

As teses en cotutela poderán igualmente dar lugar a inclusión da mención «Doutorado Internacional» no título de Doutora ou Doutor se se realizan estancias en institucións diferentes das propias do convenio formalizado, segundo o establecido no apartado a) do artigo 43, e sempre que concorran as circunstancias expresadas no artigo 43.

Artigo 45. Doutoramento industrial

Esta mención obtense ao realizar os estudos de doutoramento coa colaboración do tecido social e económico co fin de fomentar a colaboración e a transferencia e intercambio de coñecemento entre o mundo académico e o mundo social e económico, xa sexa este do ámbito público ou privado. Quedan excluídas as universidades, os organismos públicos de investigación (nacionais ou autonómicos) e os hospitais universitarios.

A CAPD poderá autorizar a codirección da tese por parte de persoas doutoras que teñan dirixido ou participado en proxectos e/ou contratos de investigación industrial e/ou de desenvolvemento experimental, nos que se teña realizado desenvolvementos tecnolóxicos importantes que involucren aspectos innovadores e estean recoñecidos como tales pola comunidade científico-

técnica. Terase en conta o grao de innovación por medio do seu nivel de madurez tecnolóxica, que terá que corresponderse cun TRL 6 ou superior.

Outorgarase a mención «Doutoramento industrial» sempre que concorran as seguintes circunstancias:

- a) A existencia dun contrato laboral ou mercantil subscrito polo/a doutorando/a cunha empresa do sector privado ou público ou por unha administración pública. Establécese unha duración mínima de dezoito meses durante o período de matrícula para a duración deste contrato.
- b) O/A doutorando/a deberá participar nun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental desenvolvido na empresa ou na administración pública na que presta o servizo. O proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental no que participe o/a doutorando/a deberá ter relación directa coa tese. Esta relación acreditarase mediante unha memoria avaliada pola Universidade de Vigo a través da EIDO ou unidade responsable do programa de doutoramento.
- c) No convenio de colaboración entre as partes, personalizado para cada doutoranda ou doutorando, indicaranse as obrigas de ambas, os aspectos relativos á propiedade intelectual e industrial dos potenciais resultados da tese, así como o procedemento de selección dos/as doutorandos/as, no seu caso. Este convenio tramitarase nos dous primeiros anos de formación doutoral.
- d) O/A doutorando/a terá un/ha tutor/a designado/a pola Universidade de Vigo e unha persoa responsable designada pola empresa ou administración pública, que poderá ser, no seu caso, director/a da tese sempre que cumpran cos requisitos sinalados no artigo. O/A responsable da empresa non poderá formar parte do tribunal
- e) No caso de teses desenvolvidas no marco dunha convocatoria pública ou privada de financiamento para doutoramento industrial, deberá axustarse aos requisitos marcados pola citada convocatoria.

Capítulo 11. Premio extraordinario de doutoramento

Artigo 46. Premio extraordinario de doutoramento

As teses de doutoramento defendidas na Universidade de Vigo que teñan alcanzado a cualificación de sobresaliente coa mención *cum laude* poderán ser obxecto da mención especial de premio extraordinario de doutoramento, cunha proposta de Premio Extraordinario por cada dez teses defendidas ou fracción.

A Universidade de Vigo establecerá anualmente o número de premios extraordinarios que concederá e os prazos e o procedemento da convocatoria destes. Na devandita convocatoria incluírase a relación de criterios específicos que se aplicarán na selección das teses no relativo á concesión da mención do premio extraordinario.

O/A reitor/a, por proposta da EIDO, nomeará anualmente o(s) tribunal(is) encargado(s) de elaborar a proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento. Para poder pertencer ao devandito tribunal teranse que cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter, cando menos, un sexenio de investigación concedido.
- b) Non ser unha das persoas que dirixa, codirixa ou titorice as teses que optan ao premio extraordinario.
- c) Non ser coautor/a de ningunha das patentes, artigos ou traballos dos e das estudantes de doutoramento que concorren ao premio.
- d) Non poderá formar parte do tribunal quen teña un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable, parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo grao coa persoa doutoranda.

Cada tribunal estará constituído, como mínimo, por tres membros titulares e tres suplentes. Na súa composición tenderase á presenza equilibrada dos ámbitos implicados. O tribunal, unha vez constituído e logo do exame da documentación achegada e das deliberacións oportunas, resolverá por maioría a proposta de cualificacións das teses, que se axustará ao número máximo previsto.

Para cualificalas, o tribunal basearase nos criterios de avaliación fixados anualmente polo órgano designado pola escola de doutoramento, criterios que se publicarán na convocatoria do premio e en ningún caso se poderán someter os/as candidatos e candidatas ao mencionado premio a realizaren exercicios ou probas adicionais. En calquera caso, estes criterios terán en conta as contribucións derivadas da tese.

O tribunal enviaralle a cualificación das teses ao órgano designado pola EIDO para valorala, e este remitiralle a súa proposta de concesión dos premios á Secretaría Xeral para que os aprobe o Consello de Goberno. A unidade administrativa competente enviaralle ao alumnado que obtivese o premio unha notificación formal do acordo, que se rexistrará no seu expediente académico. Nas certificacións académicas e no título de doutor/a farase constar a mención de premio extraordinario de doutoramento correspondente.

Ós/As doutores/as que se lles concedese o premio extraordinario de doutoramento terán exención de prezos públicos pola expedición do título de doutor/a e contarán co recoñecemento documental que a propia Universidade de Vigo estableza.

Capítulo 12. Expedición de títulos

Artigo 47. Títulos

A superación dos ensinos de doutoramento dará dereito á obtención do título de doutor ou doutora, coa denominación que figure no RUCT.

Con anterioridade á expedición do título entregaráselles ás persoas interesadas unha certificación supletoria deste, conforme ó modelo oficial. Este documento acreditará a finalización dos estudos e o dereito á expedición do título.

A denominación dos títulos de doutor/a será doutor ou doutora pola Universidade de Vigo, no caso dos títulos organizados por esta. No caso de programas interuniversitarios a denominación do título será a establecida no Real Decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais.

Así mesmo, a expedición material do título incluírá información sobre o programa de doutoramento cursado, de acordo co establecido ao respecto no Real Decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais, e no Real Decreto 195/2016, do 13 de maio, polo que se establecen os requisitos para a expedición do suplemento europeo ao título universitario de doutor/a.

As persoas interesadas poderán solicitar, sempre que a universidade estea en condicións técnicas de expedilo, un suplemento europeo ao título (SET).

Para os programas Erasmus Mundus e títulos conxuntos aplicaranse os convenios e os acordos establecidos, e a lexislación estatal en materia destes títulos.

O título de doutor/a do alumnado estranxeiro producirá todos os efectos que lle outorga a lexislación vixente.

Capítulo 13. Dereitos e deberes do alumnado de doutoramento

Artigo 48. Dereitos específicos do estudantado de doutoramento

- 1 Ademais dos dereitos recoñecidos por norma estatal, autonómica ou da propia universidade, o alumnado de doutoramento ten os seguintes dereitos específicos:
 - a) A recibir unha formación investigadora de calidade, que promova a excelencia científica e atenda á equidade e á responsabilidade social.
 - b) A contar cun/ha titor/a que oriente o seu proceso formativo e un/ha director/a e, no seu caso, codirector/a ou codirectores/as, que supervisen a realización da tese de doutoramento.
 - c) A procurar a integración do estudantado de doutoramento en grupos e en redes de investigación.
 - d) A coñecer a carreira profesional da investigación e a que se promovan oportunidades de desenvolvemento da carreira investigadora.
 - e) A recibir por parte do seu/súa director/a, independentemente da súa situación contractual, orientación profesional e de emprego.
 - f) A participar en programas e en convocatorias de axudas para a formación investigadora e para a mobilidade nacional e internacional.
 - g) A contar co recoñecemento e a coñecer os mecanismos de protección da propiedade intelectual e dereitos de autor/a a partir dos resultados da tese de doutoramento e dos traballos de investigación.
 - h) A ser recoñecido/a, mencionado/a e/ou citado/a, dentro das súas contribucións reais, como coautor/a de informes, patentes etc., e a publicar os resultados da súa propia investigación independentemente dos/das seus/súas supervisores/as. En calquera caso, respectarase o establecido no artigo 49 apartado i) deste regulamento.
 - i) A ser considerados/as como persoal investigador en formación, de conformidade co Estatuto do persoal investigador, coa Carta europea do investigador/a e no que se establece na Lei da ciencia, da tecnoloxía e a innovación (LCTI).
 - j) A ter representación nos órganos de goberno como persoal investigador nos termos establecidos nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos regulamentos e nas normas electorais da universidade.
 - k) A colaborar no seguimento dos programas de doutoramento e nos procesos de avaliación institucional, nos termos previstos nos sistemas de garantía da calidade e demais normativa vixente.
 - l) A participar en programas de mobilidade durante o período de investigación do seu programa de doutoramento, se son estudantes de ensino de doutoramento internacional. A duración destas estadias será a establecida na súa normativa reguladora.
- 2 A EIDO no seu regulamento de réxime interno poderá desenvolver e concretar os dereitos e os deberes contidos neste acordo.
- 3 O compromiso de supervisión asinado pola Universidade de Vigo e o/a doutorando/a referirase a estes dereitos e ao sistema e procedemento de resolución de conflitos. Tamén recollerá os aspectos específicos relativos aos dereitos de propiedade intelectual ou industrial que se poidan xerar no ámbito concreto do programa de doutoramento.

Artigo 49. Deberes específicos dos/as doutorandos/as

Son deberes dos/as estudantes de doutoramento os establecidos no artigo 13 do Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario e os establecidos nos Estatutos da Universidade de Vigo e, no seu caso, os fixados para os investigadores/as en formación.

O estudantado de doutoramento comprométese a desenvolver as actividades formativas programadas nos estudos de doutoramento, a documentalas no rexistro individualizado de control e a levar a cabo a investigación obxecto do plan de investigación, baixo o seguimento e a supervisión do/a titor/a e/ou director/a da tese.

Así mesmo, deben asumir as seguintes obrigas que, a título simplemente enunciativo, se concretan en:

- a) Observar as prácticas éticas recoñecidas e os principios éticos fundamentais correspondentes ás súas disciplinas, así como as normas éticas recollidas nos diversos códigos deontolóxicos nacionais, sectoriais ou institucionais.
- b) Facer todo o posible para garantir que o seu labor sexa relevante para a sociedade e non duplique outra realizada previamente, evitando o plaxio de todo tipo e respectando a propiedade intelectual conxunta de datos cando a investigación sexa realizada en colaboración cos seus directores/as ou outros investigadores/as.
- c) Darlle a coñecer as súas actividades de investigación á sociedade en xeral de forma que poida ser comprendida polos non especialistas e así poida mellorarse a comprensión da ciencia por parte do público.
- d) Seguir en todo momento prácticas de traballo seguras, conformes a lexislación nacional, incluída a adopción das precaucións necesarias en materia de saúde, seguridade e recuperación de accidentes informáticos, preparando, por exemplo, estratexias apropiadas de copias de seguridade.
- e) Levar a cabo as actividades formativas, de obrigada realización e superación en cada programa.
- f) Asinar e respectar o compromiso documental.
- g) Atender, observar e seguir as indicacións e as recomendacións que lle faga o/a seu/súa titor/a e/ou director/a de tese en relación coas actividades formativas programadas ou non no doutoramento.
- h) Informar regularmente o/a titor/a e/ou o/a director/a de tese da realización de tales actividades e da evolución do traballo de investigación, dos resultados obtidos e dos problemas que se lle poidan presentar no seu desenvolvemento.
- i) Coñecer o seu mecanismo de financiamento, se o houbese, solicitando todos os permisos necesarios antes de iniciar o seu labor ou acceder aos recursos proporcionados e mencionar este financiamento en todas as publicacións resultado das investigacións. Así mesmo, informarán e renderán contas co/a seu/súa empregador/a se o obxectivo de investigación se atrasa, redefine, completa, abandona ou suspende.
- j) Presentar nos prazos establecidos pola comisión académica o plan de investigación e o documento de actividades individualizado para someterse á avaliación da actividade realizada no prazo previsto pola normativa.
- k) Dedicarlle á realización do programa de doutoramento, incluída a tese, o número de horas que se estableza no compromiso documental.
- l) Someterse ás regras de organización e ao uso de bens e equipos do centro onde realice a investigación.

m) Cumprir os prazos e os deberes establecidos no presente regulamento.

Disposición adicional única

Todos os/as profesores/as e investigadores/as previamente recollidos no Rexistro de directoras/es da Universidade de Vigo á entrada en vigor do presente Regulamento poderán seguir exercendo as funcións de supervisión dos seus doutorandos e das súas doutorandas. Ademais, todo o profesorado e persoal investigador que estea activo no rexistro de directores e directoras á data de entrada en vigor deste Regulamento poderá ser asignado como codirector/a de tese, asimilando os seus méritos aos establecidos no artigo 11 deste Regulamento.

Disposición transitoria primeira. Aplicación de determinados apartados a partir do inicio do curso 2024/25

Ás doutorandas e ós doutorandos que iniciaran estudos de doutoramento antes do curso 2023/2024 lles serán de aplicación as disposicións reguladoras do doutoramento vixentes no momento do inicio de ditos estudos. Non obstante, o réxime relativo a tribunal, defensa e avaliación da tese de doutoramento prevista polo presente regulamento será aplicable a ditos estudantes a partir do curso académico 2024/2025.

Polo tanto, a obrigatoriedade de ter dous informes externos da tese, recollido no artigo 36 do presente Regulamento será aplicable a todo o estudiantado de doutoramento a partir do curso académico 2024/25, en consonancia ao disposto na disposición transitoria primeira do Real Decreto 576/2023, do 4 de xullo.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Quedan derogadas cantas disposicións, resolucións ou regulamentos se opuxeran ao disposto no presente regulamento, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria.

Disposición final. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor o 1 de outubro de 2024.

